

PROTOCOLO DE USO DA BIBLIOTECA ESCOLAR

A aplicación deste protocolo estará sempre ligada ás necesidades do centro e ao que diten as autoridades sanitarias.

1. HORARIO LECTIVO E AFORO DA BIBLIOTECA.

- ❖ A biblioteca permanecerá pechada nos recreos agás nos días de chuvia nos que a titora baixe co grupo procedendo a desinfectar o espazo antes e despois do seu uso.
- ❖ En horario lectivo, a biblioteca permanecerá aberta a partir de outubro para todas as clases do centro.
- ❖ Cada tres semanas cada titoría dispoñerá da biblioteca durante a mañá, aínda que no caso de estar libre, calquera grupo poderá facer uso da biblioteca mentres se responsabilice de desinfectar o espazo.
- ❖ Polas tardes permanecerá pechada, ao igual que o resto do centro, por non haber actividades extraescolares.
- ❖ O aforo permitido para este curso será de 18 usuarios simultaneamente.
- ❖ A biblioteca deberá ser ventilada como mínimo 15 min. antes e despois da súa utilización. Se a climatoloxía o permite permanecerá aberta tamén durante o seu uso.

2.- MEDIDAS HIXIÉNICAS.

- ❖ Na entrada haberá un posto con xel hidroalcohólico de uso obrigado para o acceso á biblioteca.
- ❖ O uso da máscara é obrigado.
- ❖ O espazo interpersonal dentro da biblioteca será de 1,5m
- ❖ Haberá material de desinfección para limpeza do material de uso compartido.
- ❖ Os fondos unha vez manipulados polos usuarios, deberán depositarse en caixas convenientemente identificadas e estarán illados un mínimo de 4 horas antes de volver aos andéis.
- ❖ No momento de empréstitos/devolucións só poderá haber unha persoa no posto protexido por unha mampara.

3. EMPRÉSTITOS.

- ❖ Os empréstitos serán levados a cabo por cada titor/a ben no día de uso da biblioteca co grupo, ben nas horas de adicación á biblioteca cando haxa solicitudes por parte do alumnado.
- ❖ Poderase pedir libros online.O voluntariado da biblioteca e as mestras do Equipo de Biblioteca,serán os encargados de levalos ás aulas.
- ❖ Os libros para as bibliotecas de aula, terá que xestionalos cada titor/a.Para iso, recordamos que cada aula ten un número asignado.



**BIBLIOTECA MANUEL FABEIRO GÓMEZ.
CEIP RAMÓN DE ARTAZA.**